

XVI CAMPIONATO DE POLINOMIOS

BASES

- 1º.- Pode participar o alumnado que o desexe formando parellas. Será obrigatorio que o alumnado de 2º de Bacharelato que queira participar se emparelle cun alumno ou alumna de 1º de ESO; da mesma forma, todo o alumnado de 1º ESO que desexe participar debe formar parella cun alumno ou alumna de bacharelato. Cada parella adoptará un nome para todo o campionato que será o nome dun concepto matemático. Ademais pódese participar no campionato en calidade de "axudante". Os axudantes actuarán seguindo as instrucións da organización.
- 2º.- O xogo consiste en formar secuencias de dúas fichas ("formar parellas"), para eso, despois de ser colocadas as fichas sobre o lugar de xogo de xeito que o texto das mesmas quede en contacto coa superficie do mesmo ("fichas colocadas para abaixo"), o equipo que lle corresponda levantará dúas fichas; se forman secuencia, retirará as dúas fichas e levantará outras dúas; se non forman secuencia, deixará as fichas tal como estaban antes de levanta-las e pasará o turno ao seguinte equipo que actuará da mesma forma. Cando non queden fichas rematará a partida e será gañador o equipo que teña no seu poder un maior número de fichas .
- 3º.- Se un equipo forma mal unha secuencia de fichas e o equipo contrario, ou os árbitros, danse conta antes da seguinte xogada , o equipo infractor perde turno, pasando éste ó equipo rival. Se ninguén se dera conta da infracción no momento, a partida será nula e terá que repetirse.
- 4º.- Para pasar eliminatoria será necesario gañar dúas partidas cun número impar de parellas de fichas; en semifinais, pasará á final o equipo que gañe dúas partidas có xogo completo de fichas. Excepto en semifinais ou finais, poderá usarse como axuda, unha folla de resultados. Na final resultará vencedor o equipo que gañe tres partidas. Os xogos de fichas da final e de semifinais serán dunha soa cor.
- 5º.- En cada partida haberá un equipo arbitral formado por dous árbitros que terá as seguintes obrigacións:
 - efectuar o sorteo e a colocación das fichas
 - velar polo cumprimento das regras
 - poñer en coñecemento do xuíz-árbitro as anomalías que poidan xurdir
 - controlar o desenvolvemento do xogo tomando as decisións que considere convintes para asegurar a boa orde nas partidas
 - cubrir e asinar as actas
- 6º.- Os premios consistirán en trofeo, camiseta e diploma para gañadores e finalistas e camiseta e diploma para semifinalistas e axudantes. O profesor/a de matemáticas poderá valorar a participación do seu alumnado nesta actividade de acordo co establecido na programación do departamento.
- 7º.- Será obrigación de tódolos participantes ser puntuais e deixar recollido o lugar onde se xoguen as partidas.

Mugardos, 10 de marzo de 2013

Organiza: Departamento de Matemáticas
Xuíz-árbitra: Covadonga Rodríguez-Moldes



XV CAMPIONATO DE POLINOMIOS

- PARTICIPACIÓN EN PARELLAS. CADA PARELLA LEVARÁ O NOME DUN CONCEPTO MATEMÁTICO
- O ALUMNADO DE 2º BACHARELATO ESO DEBE EMPARELLARSE CO DE 1º ESO E O DE 1º ESO CO DE BACHARELATO
- SE PREFIRES, PODES PARTICIPAR COMO AXUDANTE (CUPO LIMITADO A 8)
- EXCEPTO EN FINAIS OU SEMIFINAIS PODERÁ USARSE FOLLA DE SOLUCIÓNS
- SE ALGÚN ALUMNO/A INSCRITO NO CAMPIONATO NON SE PRESENTA A XOGAR, PODE QUEDAR EXCLUIDO DAS ACTIVIDADES QUE ORGANICE O DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS
- PIDE FICHAS EN CONSERXERÍA OU DESCÁRGAAS DA WEB

ÚLTIMO DÍA PARA APUNTARSE: VENRES 14 DE MARZO

**ENTREGADE Ó XUIZ ÁRBITRO OU AO TEU PROFESOR/A DE MATEMÁTICAS UN PAPEL COS NOMES, CURSO, E NOME DA PARELLA
DIRÍXETE AO XUIZ ÁRBITRO SE QUERES SER AXUDANTE**